



Espiñeira, 10-Baixo 15706 Santiago de Compostela | [www.tempodapsicoloxia.gal](http://www.tempodapsicoloxia.gal) | 981 534 049

## NOTA DE PRENSA

*A futbolista Vero Boquete participará na xornada aberta que organizan o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Facultade de Psicoloxía da USC en Santiago de Compostela*

# A violencia no deporte abre mañá a primeira edición de "Tempo da Psicoloxía"

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2019. Mañá **luns, 18 de febreiro**, dá comezo a primeira edición de "Tempo da Psicoloxía", un encontro que nesta ocasión xirará arredor da violencia en diversas actividades que se estenderán ata o xoves 21. O deporte será o primeiro dos contextos, desta actividade promovida polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela e que comezará **ás 18:30 horas** no Auditorio ABANCA da cidade compostelá.

**Verónica Boquete**, futbolista profesional e referente do deporte galego a nivel internacional, será unha das participantes neste faladoiro, no que tamén intervirán **David González Vázquez**, adestrador de fútbol; **María Dolores González Fernández**, psicóloga do deporte, así como **Francisco Javier González García**, Xefe do Servizo de Deporte en Idade Escolar da Xunta de Galicia. **Lorena Pose**, xornalista da Televisión de Galicia e presentadora de Deportes do Telexornal, será a responsable de moderar esta conversa, onde se pretenden reunir a diferentes representantes do mundo do deporte e achegar unha visión construtiva para abordar a problemática da violencia neste ámbito.

Esta conversa, ao igual que as dos dous días seguintes que se centrarán na violencia nos centros educativos e no ámbito da familia, respectivamente, son de acceso libre e gratuíto e van dirixidas ao público xeral. "Tempo da Psicoloxía" pretende ser unha actividade divulgativa da psicoloxía na sociedade, que terá unha temática concreta como protagonista en cada edición anual, e no que a perspectiva de xénero e os valores de igualdade constitúen un elemento transversal en todas as actividades.

O **martes 19 ás 18:30h** abordarase a **violencia nos centros educativos**, coa participación de Carmen Pomar Tojo, conselleira de Educación da Xunta de Galicia; Hipólito Puente Carracedo, psicólogo

ORGANIZA




FACULTADE DE PSICOLOXÍA

COLABORA



Actividade subvencionada pola Deputación da Coruña



Espiñeira, 10-Baixo 15706 Santiago de Compostela | [www.tempodapsicologia.gal](http://www.tempodapsicologia.gal) | 981 534 049

educativo; Fernando Lacaci Batres, vicepresidente da Confederación ANPAS GALEGAS, e M<sup>a</sup> Isabel Ruso de Lago, presidenta da Asociación de Directivos de IES de Galicia. A xornalista M<sup>a</sup> Ángeles San Luis, de Onda Cero Galicia, será quen dirixa esta conversa.

O **mércores 20**, tamén ás **18:30h**, será tempo de falar sobre a **violencia no ámbito da familia**, nunha palestra que estará moderada tamén pola xornalista Antía Díaz, de Radio Voz. Mónica Permuy, directora da Fundación Meniños, José Manuel Oreiro Blanco, psicólogo da Oficina de Atención á Vítima da Coruña, M<sup>a</sup> Paz Filgueira Paz, xuíza titular do Xulgado de Familia nº 12 de Vigo, e Concepción Fernández Fernández, concelleira de Políticas Sociais do Concello de Santiago de Compostela, contribuirán coa súa experiencia para abordar este contexto.

O **xoves 21** terá lugar a última das actividades da primeira edición de "Tempo da Psicoloxía", pero nesta ocasión estará reservada para o alumnado e profesorado de Psicoloxía e a comunidade académica. Trátase dunha conferencia de Neus Roca Cortés, profesora da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Barcelona e que se centrará na **violencia de xénero**. Esta actividade, que se enmarca dentro dos actos de celebración do Día da Psicoloxía Académica, está pensada especialmente para os futuros psicólogos e psicólogas, xa que as institucións promotoras consideran esencial a formación en materia de xénero para o exercicio da Psicoloxía.

A imaxe que ilustra esta primeira edición é obra da deseñadora Laura Gómez e pretende realizar unha metáfora do que significa a violencia para quen a sofre. A abordaxe que se propón da violencia lévanos a cuestións de absoluta actualidade e de problemáticas de inmensa incidencia social: a violencia no deporte, o acoso escolar, os abusos na infancia, os malos tratos ás persoas maiores, a violencia de xénero ou a filio-parental, por exemplo.

Saúdos,

**Departamento de comunicación:**

Eliana Martíns  
981 534 049 / 699 908 968  
[comunicacion@copgalicia.gal](mailto:comunicacion@copgalicia.gal)

ORGANIZA



FACULTADE DE PSICOLOXÍA

COLABORA



Actividade subvencionada pola Deputación da Coruña